

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 09.09.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 09.07 h do 09.09.2019 e baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, María del Mar Piñeiro Otero, Antón Lois Noceda Carballo, Marta Pereiro Calvo, Ana Basoa Rioboo e María Carmen Martínez Rodríguez

Non asiste o concelleiro:

Juventino José Trigo Rey

Secretaria accidental:

Carmen López Villar

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión

De seguido intervéñ o alcalde para explicar que a urxencia ven motivada pola data límite do 13 de setembro para a presentación dun proxecto para cubrir o POS+ 2019 complementario, segundo a última notificación da Deputación Provincial da Coruña.

Sometida a urxencia a votación foi aprobada por maioría simple logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións (5 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 voto do grupo Mixto municipal).

2. Aprobación, se procede, do expediente do POS+ 2019 adicional da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 06.09.2019 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 6 votos abstencións (3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 voto do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019, no que consta entre outra documentación o proxecto de obra “Reforzo do firme con M.B.Q nas rúas Travesa e Santa Ana dende a intersección coa rúa Alcalde Gerardo Díaz” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira e informado favorablemente o 22.08.2019 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal así como informe desfavorable da secretaria municipal do 23.08.2019, condicionado á obtención das autorización sectoriais.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude da 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 remata o 13 de setembro do 2019, propoño que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Reforzo do firme con M.B.Q nas rúas Travesa e Santa Ana dende a intersección coa rúa Alcalde Gerardo Díaz	82.466,36 €	9.191,15 €	91.657,51 €
TOTAL	82.466,36 €	9.191,15 €	91.657,51 €

Maior achega provincial asignada ao concello	401.995,66 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	319.529,30 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	82.466,36 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do BNG, Justo Martínez Ardá, quen di que reitera o que xa se dixo na Comisión. Opina que, a pesar do informe de Viaqua, que considera que o estado da canalización é correcta, o tramo de formigón debíase modificar. Así, unha obra que se está executando agora mesmo no Sarteago, no goberno do BNG e o PSOE fíxose un proxecto e non se substituíu unha tubaxe, porque naquel momento non daba problemas, pero dous anos despois comezou a romper. Por iso, considera que deberíase ter en conta a substitución da tubaxe. Anuncia que o seu grupo vaise abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Otero Piñeiro, quen manifesta que xa destacou na Comisión, respecto do proxecto, que a sistemática do Concello de Fene respecto dos proxectos que levan bituminosa en quente, é levar 5 cm. no canto de de 6 cm. Considera que é válido, pero que por un pouco máis poderíase facer unha superficie de mellor rodadura aumentando o espesor nese cm., o que daría unha maior durabilidade ao firme. Polo

tanto, prega que se teña en conta isto para sucesivos proxectos. Respecto do control de calidade, prega que se teña en conta a partir de agora para introducilo no proxecto, e non ter que habilitar unha partida orzamentaria para o seu pagamento. Por outra parte, tamén apoia o dito polo concelleiro do BNG, porque xa dixo nun principio que había que ter en conta o estado das tubaxes de auga e alcantarillado para as sucesivas veces e, a pesar de que o informe di que está todo correcto, na época anterior do goberno do BNG e do PSOE, sí que se tivera en conta o estado das tubaxes de fibrocemento. Tamén quere facer constar que, segundo o informe da secretaria, faltan un montón de permisos. Por todo isto, anuncia que o seu grupo vaise abster.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións (5 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Reforzo do firme con M.B.Q nas rúas Travesa e Santa Ana dende a intersección coa rúa Alcalde Gerardo Díaz	82.466,36 €	9.191,15 €	91.657,51 €
TOTAL	82.466,36 €	9.191,15 €	91.657,51 €

Maior achega provincial asignada ao concello	401.995,66 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	319.529,30 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	82.466,36 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 6mNvfrsmGv640FJc7AeFG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Dilixencia: acta aprobada en sesión do 03.10.2019 con rectificación no punto 2º da orde do día
A secretaria accidental
Carmen López Villar

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.13 h,
de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental Carmen López
Villar e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 6mNvfrsmGv640FJc7AeFG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.